

MEDIDAS ACTUACIÓN ANTI-COVID-19

1. ACCESO Á INSTALACIÓN

O acceso a instalación realizarase pola entrada principal do CGTD na rúa Padre Fernando Olmedo, mantendo a distancia de seguridade de 1,5 metros entre persoas e seguindo a sinalización.

Realizarase control de temperatura a todas as persoas que accedan á instalación, sendo imprescindible para poder acceder que a mesma **non supere os 37,5°C**.

Non se permite o acceso de público.

Autorizarase o acceso á instalación, unicamente, aos/ás atletas participantes, xuíces, persoal de organización, así coma aos/ás delegados/as e adestradores/as debidamente acreditados. **Unha vez rematada a súa función, prégase que sexa abandonada a instalación.**

Permitirase o acceso a fotógrafos e redactores de medios de comunicación **previamente acreditados.**

Poderá acreditarse unha persoa representante por entidade. Poderán **solicitar acreditación ata ás 22:00 horas do luns anterior á data de competición** no seguinte formulario:

<https://forms.gle/RLQ4vGcWjttkgEm78>

2. USO OBRIGATORIO DE MÁSCARA E MEDIDAS HIXIÉNICAS

É obrigatorio a utilización da máscara hixiénica ou cirúrxica de forma correcta, tapando nariz e boca, a excepción dos atletas que estean competindo, segundo o estipulado no Protocolo FISICOVID da FGA.

Haberá máscaras e xel hidro-alcohólico no acceso a instalación, na grada, na Secretaría, na Cámara de Chamadas, na Meta, e nas zonas que requiran os xuíces para o seu cometido.

Haberá produto hixienizante para os tacos de saída das carreiras e para as zonas de concurso que o requiran (colchóns saltos verticais, artefactos).

3. ASEOS

Os aseos estarán a disposición dos/as atletas. Máximo 2 persoas simultaneamente en cada aseo. Non se poderán utilizar ás duchas.

4. CÁMARA DE CHAMADAS

É obrigatorio para todos/as os/as atletas entregar na Cámara de Chamadas a Declaración Responsable, sen a cal non se autorizará a participación.

A Declaración Responsable está dispoñible na web da Sociedad Gimnástica de Pontevedra: www.sgpontevedra.com

Os/as atletas recollerán o seu dorsal na Cámara de Chamadas.

5. ZONA DE QUECEMENTO

Os/as atletas realizarán o seu quecemento na zona exterior ao CGTD tendo acceso directo á cámara de chamadas pola rúa José Malvar.

O quecemento deberá realizarse de xeito individual, con máscara e gardando a distancia de seguridade respecto aos demais atletas.

6. CARREIRAS

Nas carreiras, as máscaras hixiénicas coas que se entre na zona de competición serán destruídas e entregarse unha nova chegado o/a atleta a meta. No caso de abandono sen concluír a proba, o/a atleta en cuestión deberá achegarse á zona de meta para que lle sexa entregada unha nova máscara.

7. COORDINADOR DE PROTOCOLO FISICOVID-DXT GALEGO

A organización estará a disposición do Coordinador FISICOVID-DXT GALEGO nomeado pola FGA para que en todo momento se sigan as medidas sanitarias adecuadas.

As indicacións do Coordinador FISICOVID-DXT GALEGO son de obrigado cumprimento para todas as persoas presentes na instalación.


8. NORMATIVA

A competición desenvolverase segundo o Protocolo FISICOVID – DXT GALEGO da Federación Galega de Atletismo e aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

O incumprimento destas normas poñerá en coñecemento da autoridade ou organismo competente por se pode ser constitutivo dun delito, situación disciplinaria ou sanción.

9. CIRCULACIÓN

A continuación presentamos o mapa da instalación no que se establece o sentido de circulación.



NON SE PODERÁ CIRCULAR, EN NINGUN MOMENTO, EN SENTIDO CONTRARIO.